

II CONTROL DE MARCAS RIAZOR CORUÑA

Organiza: CLUB ATLETISMO RIAZOR CORUÑA en colaboración con Concello de A Coruña e Universidade de A Coruña

1. Data e lugar: Luns, **17 de maio** de 2021, nas pista universitarias de Elviña
2. Horario Definitivo

Hora	Carreras	Sexo	Longitud	Prueba 2
17:00	400 mv	H-M	Sub 14- abs H-M A	Altura Sub 10-sub 20
17:08	220 mv	H		
17:16	220 mv	M		
17:24	300 mv	M		
17:33	300 mv	H		
17:40	200ml	M		
17:46	1000ml	Sub 10-12 H		
17:55	1000ml	Sub 10-12 H	Triple sub14-abs H-M	
18:02	1000ml	Sub 10-12 M		
18:09	1000ml	Sub 10-12 M		Pelota sub 10 H-M
18:16	1000ml	Sub 14 H		
18:23	1000ml	Sub 14 M		
18:30	1000ml	Sub 16 H		
18:38	100ml	Absoluto H		
18:44	100ml	Absoluto M	sub 10 H-M	
18:52	80ml	Sub 14 H		Pelota sub 12 H-M
18:57	80ml	Sub 14 H		
19:02	80ml	Sub 14 M		
19:07	80ml	Sub 14 M		
19:12	60ml	Sub 12 H		
19:17	60ml	Sub 12 H		
19:22	60ml	Sub 12 M		
19:27	60ml	Sub 12 M		Altura Sub 10-sub 20
19:32	50ml	Sub 10 H		
19:37	50ml	Sub 10 H	sub 14 ABS B	
19:42	50ml	Sub 10 M		
19:47	50ml	Sub 10 M		
19:54	800ml	Absoluto H		
20:00	1500ml	Absoluto H		
20:08	1500ml	Absoluto M		
20:15	80mv	Sub 14 H		
20:24	80mv	Sub 14 M	Sub12 H-M	
20:35	100 mv 0,76	Sub 16-18 M		
20:45	100 mv 0,84	Absoluto M		
20:55	100 mv 0,91	Sub16 H		



3. Participación: Poderán participar todos os atletas con licencia pola Federación galega de Atletismo, aínda que pertencen a clubs doutras Comunidades Autónomas, con licencia para a tempada 2021

Priorizarase a inscrición dos atletas do clube organizador e máis os dos seus asociados e colaboradores. Para o resto de atletas, aplicarase o criterio de selección de mellores marcas, conforme ós anos **2019-2020-2021** na proba específica e similares (indicando marca e data no campo “dorsal”).

Para os atletas sen marca, poñer no campo dorsal a prioridade de cada atleta no seu clube (é decir se inscribo a 3 atletas , indicar “prioridade 1” “prioridade 2” ou “prioridade 3”) para dar acceso ao menos a un por clube

4. Cada atleta retirará o seu dorsal na cámara de chamadas. Co horario definitivo, publicarase o horario de cámara de chamadas. Será imprescindible entregar na retirada de dorsal **a folia de Declaración Responsable.**

5. Inscricións: As inscricións faranse a través do sistema online da web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea/>) ata as **o mércores 12 de maio ás 20h.** Existirá unha cota de inscrición de **3 euros por atleta**, agás para os atletas do clube organizador.

Una vez publicada a lista de admitidos, abrirase **un prazo de 24h** para comunicar as baixas. Pasado ese prazo, as baixas comunicadas levarán consigo a perda da cota de inscrición.

Poderanse admitir inscricións fora de prazo ata o **xoves 13 as 20h** enviando un correo ao clube ([riazoratletismo@yahoo](mailto:riazoratletismo@yahoo.com)), que poderán ser admitidas o denegadas en función das prazas libres e segundo o criterio do director técnico do clube. **Esta inscrición fóra de prazo ten unha cota de 5€**

6. A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Se o atleta inscrito, finalmente non participa no control a sanción será de **3 euros por atleta**, salvo causa xustificada e comunicada por escrito ao clube (riazoratletismo@yahoo.es) con antelación mínima de 24 horas ao comenzo da competición. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- As inscricións con datos falsos enviadas á FGA, terán unha multa de 6 euros por atletas.

7. Na **proba de salto de lonxitude e triple salto** haberá **tres intentos** para as categorías sub10, sub12 e sub14; e **catro intentos** para o resto de categorías.

As táboas de lonxitude estarán a **3m para sub14 y superiores, e a 2m para sub10 e sub12.** As táboas de triple serán de **6 e 8m. en sub14, e a 11 e 9m para o resto**
A cadencia do listón de altura publicarase coa lista de admitidos

8. Os atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible no peito. O incumprimento de esta norma será motivo da descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.

9. Todos os participantes deberán cumprir o protocolo COVID-19 establecido pola FGA, así coma as indicacións do Responsable COVID-19 da FGA.

10. O acceso á zona de competición queda limitado exclusivamente ós atletas e adestradores con licencia en vigor (1 adestrador por cada 5 atletas). O acceso solicitarase a través do “FORMULARIO PARA ADESTRADORES”.



No caso de que algún club e non envíe ningún adestrador, valorarase a posibilidade de permitir o acceso dun delegado.

Os acompañantes dos atletas (dúas persoas por atleta) e delegados do club e poderán acceder ás bancadas, previa solicitude a través do "FORMULARIO PARA ACOMPAÑANTES E DELEGADOS".

11. Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A.

A Coruña, 5 de maio de 2021

MEDIDAS DE ACTUACIÓN COVID-19

Control de marcas Riazor 17 de maio 2021

O acceso a instalación realizarase por diferentes puntos segundo sexa atleta, xuíz, ou adestrador/a. Sempre mantendo a distancia de seguridade de 1,5 metros entre as persoas e seguindo a sinalización establecida.

O aforo estará limitado e controlado ata un máximo de 500 persoas na pista e na grada. Os participantes deberán abandonar a instalación unha vez rematen a participación.

Os adestradores poderán solicitar acreditación mediante a plataforma de solicitude na web de atletismo.gal

O persoal autorizado e acreditado poderán dar as indicacións técnicas nos sectores habilitados, podendo estar no perímetro exterior da pista, excepto na recta de chegada, sempre respectando a distancia de 1,5m de seguridade.


ACCESO DE ATLETAS

O acceso dos atletas mediante control da organización do club, será a través da entrada en cámara de chamadas (controlada polo CGX), onde recibirá o seu dorsal.





A zona de saída ao exterior dos atletas, una vez finalizadas as súas probas, será pola porta existente entre as gradas e a pista polideportiva.



O queceamento deberá ser realizado no exterior da instalación, ou nas zonas de cámara de chamadas empregando máscara.
Haberá líquido hixienizante no control de acceso á instalación, así coma na cámara de chamadas e zonas de posible contacto.
O seguinte punto de acceso, será para o persoal auxiliar federativo, e para os/as atletas que teñan que facer a homologación dos seus artefactos. Lugar onde estarán os servizos de atención médica.





A Dirección e secretaría do evento está ubicada tamén neste punto por medio dunha carpa, na que se fará a secretaría e a dirección do evento. Calquera reclamación deberá ser realizada mantendo as distancias de seguridade e coa máscara posta.

É obrigado por todos a utilización da máscara hixiénica ou cirúrxica de forma correcta, tapando nariz e boca, durante a competición; a excepción dos atletas que estean competindo, segundo o estipulado no Protocolo da FGA.

É obrigado por todos/as os/as atletas entregar na recollida do dorsal en cámara de chamadas a Declaración Responsable.

O anel de herba que rodea a pista será de uso exclusivo para a circulación dos adestradores autorizados.

A zona de herba non poderá ser utilizada para realizar o quecemento.

Deberá seguirse sempre as indicacións realizadas polo persoal auxiliar.

OUTRAS DISPOSICIÓNS

Para o acceso ós baños seguírase as indicacións da propia instalación. Os vestiarios permanecerán pechados.

O incumprimento destas normas poñeráse en coñecemento da autoridade ou organismo competente por se pode ser constitutivo dun delito, situación disciplinaria ou sanción.

ACCESO DE ACOMPAÑANTES

O acceso dos acompañantes mediante control da organización do club, será a través da porta traseira do graderío, onde se pedirá a cada acompañante (previamente rexistrado) a folla de declaración responsable. No graderío acomodárase a xente separada a 1,5 metros e con diferentes portas de entrada e saída.